

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AGADER E A ASOCIACIÓN MONTAÑAS DO COUREL PARA A DIFUSIÓN, PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICA (GEOSITES) DA CANDIDATURA A XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO MONTAÑAS DO COUREL: MONTAÑAS DO COUREL A VISTA DE DRON

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

#### DECLARA:

Que esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural formalizou coa Asociación Montañas do Courel un convenio para a difusión, promoción e divulgación dos lugares de interese xeolóxico (GEOSITES) da candidatura a xeoparque mundial da UNESCO Montañas do Courel: Montañas do Courel a vista de dron.

Que o instrumento convencional tiña por obxecto establecer a colaboración entre as partes para realizar a difusión, promoción e divulgación dos lugares de interese xeolóxico (GEOSITES) da candidatura a xeoparque mundial da UNESCO Montañas do Courel.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentábase no seguinte: Agader puxo en marcha proxectos singulares que poidan afectar a elementos do ámbito cultural e natural de Galicia, xa que as ditas actuacións inciden tanto na preservación dos valores sociais do rural como na mellora dos servizos educativos, culturais e de ocio que farán do medio rural un lugar máis atractivo ao mesmo tempo que contribuirán á diversificación económica. Este proxecto tivo interese particular xa que as montañas do Courel contan con 97 lugares de interese xeolóxico, dos que 91 contan con figura de protección por estaren localizados dentro da Rede Natura 2000

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela  
(asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

